


**Estrutura Orgánica
da
Vicepresidencia Primeira e
Consellería de Presidencia, Xustiza
e Deportes**

VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO




- Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 1/2022, do 13 de xaneiro
- Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 79/2023, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Lenda:

- Centros Directivos
- Subdireccións Xerais
- Servizos
- Entidades
- Unidades administrativas

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Órganos adscritos á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- As delegacións territoriais da Xunta de Galicia, reguladas polo Decreto 245/2006, do 30 de abril, modificado polo Decreto 1/2022, do 13 de xaneiro.
- O Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio.

Órganos colexiados adscritos á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- A Comisión Central da Coordinación de Parques Móviles, regulada polo Decreto 327/1994, do 3 de novembro.
- A Comisión paritaria de seguimento e interpretación do Acordo de participación en materia de prevención de riscos laborais, o Comité de Seguridade e Saúde Laboral intercentros da Administración xeral da Xunta de Galicia e os comités de seguridade e saúde laboral dos servizos centrais, da Administración de xustiza e dos distintos edificios administrativos da Xunta de Galicia, creados pola Resolución do 29 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais.
- A Comisión Superior para o Estudo do Desenvolvemento do Dereito Civil Galego, regulada polo Decreto 107/1999, do 8 de abril.
- As comisións de asistencia xurídica gratuíta da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo.
- A Mesa Sectorial da Administración de xustiza en Galicia.
- A Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro.
- A Comisión Autónoma e a Comisión Técnica para a Implantación da Nova Oficina Xudicial, creadas polo Decreto 427/2009, do 19 de novembro.
- A Comisión Galega de Cooperación Local, creada pola Lei 5/1997, do 22 de xullo.
- A Comisión Galega de Delimitación Territorial, creada pola Lei 5/1997, do 22 de xullo.
- A Comisión de Heráldica, regulada pola Lei 5/1997, do 22 de xullo.
- A Comisión Paritaria de Formación Local de Galicia, creada polo Decreto 13/2014, do 30 de xaneiro.
- A Comisión de seguimento de disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas, creada polo Decreto 379/2009, do 27 de agosto.
- A Comisión do Xogo de Galicia, creada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro.
- A Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, creada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- A Comisión de Coordinación das Policía Locais e o seu gabinete técnico, regulados pola Lei 4/2007, do 20 de abril.
- A Comisión Galega de Protección Civil, regulada pola Lei 5/2007, do 7 de maio.
- O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, creado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño.
- O Consello de Acción Exterior de Galicia, regulado polo Decreto 178/2015, do 26 de novembro.
- As comisións territoriais de coordinación das delegacións territoriais, reguladas polo Decreto 245/2009, do 30 de abril.
- A Comisión de Revisión da Normativa legal da Consellería, regulada polo Decreto 186/1990, do 1 de marzo, de creación da Comisión de Racionalización Administrativa e de Revisión Normativa Legal.
- O Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, regulado polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro, polo que se modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.
- O Comité Galego de Xustiza Deportiva, regulado pola Lei 3/2012, do 2 de abril, e polo Decreto 120/2013, do 24 de xuño.
- A Comisión Galega de Control da Violencia, creada pola Lei 3/2012, do 2 de abril.
- A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, creada pola Lei 3/2012, do 2 de abril.
- A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo, regulada polo Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.
- A Comisión de avaliación das medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións.

Organismos autónomos e demais entidades do sector público adscritos á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- A Academia Galega de Seguridade Pública, regulada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro
- A Axencia Galega de Emerxencias, regulada pola Lei 5/2007, do 7 de maio.